



Federación de Anpas Compostela

Rúa Roma, 21 - 15703 – Santiago de Compostela

Tel 658 581 844

anpascompostela@gmail.com



....., pai, nai ou titor, titora da alumna ou alumno
....., do centro, quere facer constar:

O total rexeitamento á LOMCE e, por tanto, á proba xeral de 3º de Primaria e/ou á proba xeral de final de etapa en 6º de Primaria, á que vai ser sometida a miña filla ou fillo, entre outras razóns, porque:

- O establecemento da proba xeral en 3º e 6º de Primaria e as reválidas en 4º da ESO e en bacharelato, que son requisito imprescindible para conseguir os títulos correspondentes, pretende pór as maiores trabas posibles para a continuación dos estudos. Responde, exclusivamente, a unha concepción totalmente clasista e elitista da educación e contribúe a excluír o alumnado máis desfavorecido socialmente do dereito á educación, cando xa hoxe o ensino público carece de elementos compensatorios para facer efectivo e real o principio de igualdade de oportunidades.
- É unha aberración desde o punto de vista pedagóxico someter o alumnado a unha presión innecesaria, mediante probas que o van avaliar baixo estándares uniformizadores, sen considerar a educación como un proceso no que hai que considerar as circunstancias persoais e socioeconómicas e as capacidades e actitudes do alumnado.
- Límitanse a avaliar o ámbito lingüístico, matemático e científico-técnico, menosprezando a adquisición doutras competencias, destrezas e habilidades do campo artístico e musical refusando o ensino da nosa historia e medio natural, imprescindible para a formación integral do alumnado.
- Recentralizan o sistema educativo, dado que a elaboración e deseño das probas, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis serán fixados polo Ministerio de Educación, rexeitando así o estudo e coñecemento de todo o que nos conforma como pobo galego.
- Desprezan a avaliación continua e a opinión do equipo docente, cando ninguén mellor que o titor ou titora ou o equipo docente para coñecer as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como dos medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar.
- Subestiman e desconfían do traballo do profesorado que estará sometido e totalmente condicionado a orientar o seu traballo docente a preparar o alumnado para a obtención da mellor nota na avaliación final, marxinando outros aspectos educativos fundamentais para acadar unha formación o máis completa posible.
- Responden á pretensión de conformar clasificacións de centros, segundo os resultados destas avaliacións e sen ter en conta as características do alumnado e os servizos cos que conta o centro, co obxecto de ir configurando unha rede elitista que contará con máis medios e recursos
- Pretenden ir afirmando un sistema educativo competitivo, clasista e segregador que excluírá os sectores máis desfavorecidos da educación e asentará unha estrutura curricular ao servizo do neoliberalismo.

Ao mesmo tempo, reclamo a destrución dos datos de carácter persoal que van constar no ficheiro denominado "avaliación do sistema educativo" e solicito que teña a ben trasladar este escrito ao conselleiro de Educación.

..... de maio de 2016

Asdo:

Á DIRECTORA / AO DIRECTOR DO

Sr CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA